**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (07/2024)**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro, reúnense, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela (PSOE), os Sres. Concelleiros do PSOE: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.ª M.ª Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1.- Aprobación da acta da sesión do día 15 de maio de 2024

2.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 80/2024, de 14 de marzo, pola que se aproban os Plans Orzamentarios a Medio Pazo para 2025-2027 (Expediente Tedec núm. 2024/G003/000081)

3.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 103/2024, de 27 de marzo, de solicitude do Plan Concertado para 2024 (Expediente Tedec núm. 2024/G003/000107)

4.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 1º trimestre de 2024

5.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao 1º trimestre de 2024

6.- Dar conta do Informe da Secretaría – Intervención sobre os reparos e acordos contrarios a eles e dos supostos de omisión de función interventora aos que se refiren os artigos 15 e 28 do Real Decreto 424/2017, correspondente ao exercicio de 2023

7.- Dar conta do informe resumo da Secretaría-Intervención de control interno á que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, correspondente ao exercicio de 2023

8.- Ratificación da resolución da Alcaldía núm. 156/2024, de 15 de maio, de aprobación do Convenio de colaboración coa AEAT para facilitar o cumprimento das súas obrigas tributarias ás persoas maiores de 65 anos (Expediente Tedec núm. 2024/G003/000140)

9.- Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Monfero 2024-2027

10.- Moción do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego para amosar o rexeitamento do Pleno ao Proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta celulosa de Altri en Palas de Rei

11.- Moción do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego para a elaboración e aprobación dunha ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

12.- Moción do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego sobre Propostas da CIG na Campaña Stop Precariedade, Traballo Digno

13.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía dos meses de marzo, abril e maio últimos

14.- Asuntos urxentes

15.- Rogos e preguntas

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 15 DE MAIO DE 2024**

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Xa que logo, o Sr. Alcalde declara que a acta da sesión do 15-05-2024 queda aprobada por unanimidade.

**2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 80/2024, DE 14 DE MARZO, POLA QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PAZO PARA 2025-2027 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2024/G003/000081)**

O Sr. Alcalde pregunta se se da por lida a resolución de referencia e manifesta que supón que teñen todos a documentación. Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde declara que se da por lida.

A resolución da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN MARCOS ORZAMENTARIOS 2025-2027 EXPEDIENTE: 2024/G003/000081

ANTECEDENTES:

O artigo 29 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a obriga das administracións públicas de elaborar un plan orzamentario a medio prazo que se incluirá no programa de estabilidade e no que se enmarcará a confección dos seus orzamentos anuais. Abarcará un período mínimo de tres anos e a través del garantirase unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra do gasto.

Conterá as proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta a súa evolución tendencial, o impacto das medidas previstas para o período considerado, os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos e unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En desenvolvemento deste precepto, o artigo 6 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas en dita lei, determina que: “Antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais”.

O MINF, na páxina da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, abriu ata o día 15-03-2024 a aplicación para o envío dos datos correspondentes aos plans orzamentarios a medio prazo 2025-2027 das entidades locais, de acordo coa Orde HAP/2015/2012, en termos de estimacións de dereitos recoñecidos (RDs) e obrigas recoñecidas netas (ADOs) para o exercicio de 2024 e de previsións iniciais (PIs) e créditos iniciais (CIs) para os do 2025 ao 2027, e ademais publicou nela unhas instrucións para a información a comunicar en cumprimento da dita orde sobre os plans orzamentarios, cos requirimentos de información que nelas se establecen e que obriga á adopción de decisións ao respecto.

Nestas instrucións especifícase que para o 2024 reactívanse as regras fiscais, suspendidas desde o 2020. O Acordo do Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023, aprobado polo Congreso dos Deputados na sesión celebrada o 19 de decembro de 2023 e pendente da súa aprobación polo Senado, fixa os obxectivos de estabilidade e o teito de gasto non financeiro para as Administracións Públicas no período 2024-2026 de acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira. No dito Acordo, para as Entidades Locais, se fixa o obxectivo do déficit do 0,0% do PIB para os tres exercicios contemplados e de débeda pública do 1,4% para 2024 e do 1,3% para 2025 e 2026 e se establece a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española, que limita a variación do gasto computable das Administracións Públicas, no 2,6%, o 2,7% e o 2,8%, para 2024, 2025 e 2026, respectivamente. Aínda que este Acordo todavía no foi ratificado polo Senado pode servir para establecer uns obxectivos de cara á elaboración dos plans orzamentarios a medio prazo 2025-2027.

A reactivación das regras fiscais para 2024 tivo como consecuencia a inclusión nos formularios F.2.3 (modelo ordinario) e

F.2 (modelo simplificado) da valoración relativa ao cumprimento da regra do gasto contemplada na Lei Orgánica 2/2012 (LOEOSF).

Para estimar os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2024, pártese do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024, por importe de 2.446.000,00€, que consta asinado dixitalmente por esta Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022 e calcúlanse da seguinte maneira:

Para efectuar as previsións en materia de ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (C) 1 e 2 son exactamente polos mesmos importes que as previsións iniciais do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024 citado (PIs), calculados na forma que se reflicte na memoria explicativa da Alcaldía do citado anteproxecto de Orzamento (MAO24), que tamén consta asinada dixitalmente por esta Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022. No C3, sobre as PIs, estimadas na forma indicada na MAO24, aplícase unha porcentaxe do 79.91%, que é a mesma que tiveron os RDs con respecto ás PIs en 2023, súmanselle as ditas PIs e o resultado divídese

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

entre dous para aproximalo o máximo posible á realidade prevista. No C 4, prevense os mesmos RDs que en 2023, incrementados nun 2%, conforme á tendencia dos últimos anos, e engádeselle o importe da subvención do Obradoiro de emprego realizado no 2022 e 2023, correspondente a 2023, e non percibida nel, que se estima que se vai recibir no exercicio 2024. No C5, C8 e C9 non se prevén ingresos. E No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024, o importe pendente de ingreso do FCL Adicional do 2023, así como a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas. E o 50% correspondente ás obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, estimadas en 212.518,71€, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas e algunhas nin concedidas.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímanse descontando aos ADOs de 2023 deste C os gastos do obradoiro de emprego, que se executou no dito exercicio, e os financiados con RTGX e aplicándolle ao resultado un incremento do 2,5%. Os do C2 igual, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2024, que constan na táboa cos cálculos realizados como documento anexo neste expediente electrónico asinado dixitalmente pola secretaría-intervención, e aplicándolle ao resultado un incremento do 2%. No C 3, a previsión é a mesma que a que tiveron os ADOs no 2023. No C 4 pártese das consignacións iniciais (CIs) estimadas para o 2024, explicadas na MAO-24, e a previsión de ADOs é o resultado de aplicar ás ditas CIs a porcentaxe que tiveron os ADOs con respectos ás CIs no 2023 (70,11%). No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024 e a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas. E o 60% das obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, estimadas en 215.000,00€, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, algunhas nin están concedidas. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023.

Deseguido procédese a calcular as PIs e os CIs dos exercicios de 2025, 2026 e 2027. Non se prevé a concertación de operacións de endebedamento en ningún deles.

A súa estimación para 2025 realízase a partir do anteproxecto do Orzamento do Concello para 2024.

Nos ingresos, calcúlanse as PIs do 2025 aplicando ás do 2024 dos Cs 1, 2, 3, 4 e 7, un coeficiente de incremento previsto do 1,02, pola información dos exercicios precedentes. No resto de Cs non se prevén ingresos.

Nos gastos, aplícase un coeficiente de actualización nas CIs previstas para 2024 dos Cs 1 e 2 do 1,025 e do 1,02, respectivamente. Nos Cs 3, 4 e 7 considérase que as CIs deben de ser as mesmas que as de 2024. No C 6, a consignación para investimentos, principalmente para o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e para o Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal, calculase pola diferenza. No resto de Cs non se consigna ningunha cantidade .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A continuación, realízanse as estimacións para os exercicios de 2026 e 2027. Para calculadas, nos ingresos, para 2026, aplícanse aos resultados obtidos para o 2025, nos C1, C2, C3, C4 e C7, un coeficiente de actualización do 1,02, e tamén para o exercicio de 2027, pero neste caso aplícase sobre os resultados obtidos para o 2026. As do C5 mantéñense nas mesmas contías que no 2025, tanto para o 2026 coma para o 2027. Canto aos gastos, tanto para o 2026 como para 2027, pero neste último aplicando os cálculos sobre os resultados obtidos para o 2026, aplícase un coeficiente de incremento do 1,02 nos C1 e C2, para facer fronte aos incrementos salariais, recoñecemento de antigüidade e similares e para os incrementos estimados para adquisicións e subministracións e prestacións de servizos. Os C 3 e C 7 mantéñense nas mesmas contías que no 2024, tanto para o 2026 coma para o 2027. No C6, para investimentos, no 2026 calculase pola diferenza e para o 2027 consígnanse unha cantidade igual que a previsión de ingresos do C VII do exercicio correspondente. No C 9, consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións pola débeda a longo prazo da Corporación en vigor segundo as correspondentes táboas de amortización previstas. Finalmente, no C 4, para o 2026 consígnase unha cantidade igual a do 2024 e para o 2027 consígnase a diferenza ata equilibrar o orzamento de gastos co de ingresos.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, tanto para o 2024 como para o resto dos exercicios aos que se refiren estes Marcos, estímanse pola media na liquidación dos exercicios 2020 a 2022, dos pagamentos pendentes de aplicación. Non se calcula neste momento o correspondente ao grao de execución do gasto ante a imposibilidade de realizar agora unha previsión cun mínimo de rigor dos RDs e ADOs de 2025 a 2027.

As cifras obtidas segundo o exposto, refírense ao correspondente exercicio corrente e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, coa regra do gasto e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

Á vista do exposto anteriormente e considerando que, segundo o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponden á Alcaldía as competencias asignadas polas leis ao municipio que non atribúan a outros órganos locais, como neste caso, e que, polo tanto, me corresponde a adopción do presente acordo:

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte estimación de dereitos e obrigas a recoñecer e de previsión de débeda para o exercicio de 2024:

| INGRESOS / GASTOS | ANO 2024 (En euros) |
|---|---|
| INGRESOS | 3.269.363,70 |
| Correntes | 2.212.416,53 |
| Capital | 1.056.947,17 |
| Financeiros | 0 |
| GASTOS | 3.020.220,48 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| Correntes | 1.909.120,66 |
| Capital | 1.111.099,82 |
| Financeiros | 0 |
| Saldo operacións non financeiras | +249.143,22 |
| Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95 | -11.571,81 |
| Capacidade ~~ou necesidade~~ de financiamento | +237.571,41 |
| Débeda viva 31/12 (Préstamos sen intereses coa Deputación Provincial) | 754.885,45 |
| A curto prazo | |
| A longo prazo | 754.885,45 |
| Ratio Débeda viva/ Ingresos correntes | 0,34 |

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027, en termos de créditos iniciais, no que se enmarcará a confección dos orzamentos anuais:

| INGRESOS | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|
| CORRENTES | 2.098.863,89 | 2.140.841,17 | 2.183.658,00 |
| DE CAPITAL | 396.056,11 | 403.977,23 | 412.056,77 |
| FINANCEIROS | | | |
| TOTAL ORZAMENTO | 2.494.920,00 | 2.544.818,40 | 2.595.714,77 |

| GASTOS | | | |
|---|---|---|---|
| GASTOS | 2025 | 2026 | 2027 |
| CORRENTES | 2.052.085,30 | 2.090.750,97 | 2.105.593,02 |
| DE CAPITAL | 442.834,70 | 419.281,94 | 414.633,21 |
| FINANCEIROS | | 34.785,49 | 75.488,54 |
| TOTAL ORZAMENTO | 2.494.920,00 | 2.544.818,40 | 2.595.714,77 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO.- Que o Secretario-Interventor do Concello comunique os devanditos datos ao MINF, por medios electrónicos, a través do sistema informático habilitado para o efecto e coa súa firma electrónica, para dar cumprimento ao prazo establecido.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente, Andrés Feal Varela O Secretario, Baldomero Beceiro Alonso"

**3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 103/2024, DE 27 DE MARZO, DE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO PARA 2024 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2024/G003/000107)**

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e manifesta que se da por lida. Non se producen intervencións.

A resolución da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

"RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000107

Logo de detectar a existencia de erros na resolución desta Alcaldía núm. 102/2024, do día da data, de solicitude do Plan Concertado 2024, corríxese, quedando redactada a dita solicitude nos seguintes termos:

ANTECEDENTES:

Logo de ver o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, e que modifica ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; e o expediente tramitado para o efecto de solicitude.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1. Declarar que os servizos sociais comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

2. Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. O importe total do financiamento que se solicita é de 218.394,40 €, segundo se reflicte no resumo xeral do Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (PASSCM), que ten o seguinte detalle:

| RESUMO XERAL DO PROXECTO PASSCM 2024 | | | |
|---|---|---|---|
| **CONCEPTO** | | **FINANCIAMENTO SOLICITADO** | **ORZAMENTO TOTAL** |
| *PERSOAL* | | 16.815,00 € | 60.902,13 € |
| *MANTEMENTO* | | 400,00 € | 800,00 € |
| *SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR* | *Modalidade de Prestación Básica do Plan concertado* | 0,00 € | 99.122,90 € |
| | *Modalidade para persoas valoradas como dependentes* | 201.179,40 € | 376.749,58 € |
| *XESTIÓN DE PROGRAMAS* | | 0,00 € | 55.550,28 € |
| *INVESTIMENTO* | | 0,00 € | 7.600,00 € |
| **TOTAL** | | **218.394,40 €** | **600.724,89 €** |

4. Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto anual da solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2024, na contía de 364.773,89 €, que supón unha porcentaxe do 60,72 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas, nos termos que esixe a aplicación informática da dita Consellería.

5. Dar conta deste decreto na próxima sesión que celebre o Pleno da Corporación.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente, Andrés Feal Varela O Secretario, Baldomero Beceiro Alonso"

**4.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2024**

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e manifesta que está en 12,82. Non se producen intervencións.

O informe da Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEEDORES DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero, A Coruña

INFORMA:

Con data 30 de abril de 2024, comunicáronse ao MINHAFP os datos relativos ao PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO GLOBAL A PROVEEDORES do primeiro trimestre do exercicio de 2024, de conformidade co disposto polo artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na Disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previsto na Lei orgánica 2/2012, do

27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas da aplicación Sicalwin, que se indican deseguido:

PMP TRIMESTRAL

| RATIO OPERACIÓNS PAGADAS | IMPORTE DOS PAGAMENTOS REALIZADOS | RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGAMENTO | IMPORTE DOS PAGAMENTOS PENDIENTES | PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO TRIMESTRAL |
|---|---|---|---|---|
| 12,98 | 422.547,76 | 11,54 | 53.241,29 | 12,82 |

Infórmase de que o período medio de pagamento trimestral desta entidade correspondente ao 1º trimestre 2024 non supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días,

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina dixitalmente, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

**5.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024**

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e manifesta que se da por lido. Non se producen intervencións.

O informe da Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

**“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.**

I. NORMATIVA APLICABLE

• Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

• Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).

• Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.

• Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

• Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).

• Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).

• Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).

• Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

II. ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluíndo as corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.”

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte

III. INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2024 o 30 de abril de 2024, en tempo e forma, pero, debido a que cando se transcribiron os datos ao ficheiro F.1.1.9.M, Calendario e orzamento de tesourería, se descoñecía a súa modificación para este período, que non foi avisada, no sentido de que agora a súa última columna recolle o total do exercicio e ata ese momento recollía só a diferenza ata o total do exercicio, por erro transcribíronse os datos como se non estivera modificado, incorporando na última columna os correspondentes á diferenza ata o total do exercicio e non o seu total, como debería ser, provocando que a información transcrita e subministrada non sexa a correcta. Para corrixilo formulouse unha incidencia á aplicación que aínda non foi resolta. Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/.

O xustificante do envío realizado consta no expediente

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao primeiro trimestre de 2024, coa incidencia indicada, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo os formularios, que dispoñen que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información que se pretendía subministrar, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Baseamento das estimacións realizadas.

As previsións realízanse da mesma maneira que cando se realizaron para avaliar a estabilidade orzamentaria con motivo do expediente de modificación de créditos núm. 4/2024, financiado co remanente liquido de tesourería, é dicir, partindo das elaboradas con motivo da subministración dos Marcos orzamentarios 2025-2027.

Para estimar os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2024, pártese fundamentalmente do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024, por importe de 2.446.000,00€, que consta asinado dixitalmente pola Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022 e calcúlanse da seguinte maneira:

Para efectuar as previsións en materia de ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (C) 1 e 2 son exactamente polos mesmos importes que as previsións iniciais (PIs) do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024 citado, calculados na forma que se reflicte na memoria explicativa da Alcaldía do citado anteproxecto de Orzamento (MAO24), que tamén consta asinada dixitalmente por esta Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022. No C3, sobre as PIs, estimadas na forma indicada na MAO24, aplícase unha porcentaxe do 79.91%, que é a mesma que tiveron os RDs con respecto ás PIs en 2023, súmanselle as ditas PIs e o resultado divídese entre dous para aproximalo o máximo posible á realidade prevista. No C 4, prevense os mesmos RDs que en 2023, incrementados nun 2%, conforme á tendencia dos últimos anos, e engádeselle o importe da subvención do Obradoiro de emprego realizado no 2022 e 2023, correspondente a 2023, e non percibida nel, que se estima que se vai recibir no exercicio 2024. No C5, C8 e C9 non se prevén ingresos. E No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024, o importe pendente de ingreso do FCL Adicional do 2023, así como a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas. E o 50% correspondente ás obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, estimadas en 212.518,71€, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas e algunhas nin concedidas.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímanse descontando aos ADOs de 2023 deste C os gastos do obradoiro de emprego, que se executou no dito exercicio, e os financiados con RTGX e aplicándolle ao resultado un incremento do 2,5%. Os do C2 igual, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2024, que constan na táboa cos cálculos realizados como documento anexo neste expediente electrónico asinado dixitalmente pola secretaría-intervención, e aplicándolle ao resultado un incremento do 2,5%, para rematar o cálculo engadíndolle a estimación prevista de execución (85%) dos créditos creados mediante o expediente de modificación de créditos núm. 4/2024. No C 3, a previsión é a mesma que a que tiveron os ADOs no 2023. No C 4 pártese das consignacións iniciais (CIs) estimadas para o 2024, explicadas na MAO-24, e a previsión de ADOs é o resultado de aplicar ás ditas CIs a porcentaxe que tiveron os ADOs con respectos ás CIs no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2023 (70,11%) e engadíndolle tamén finalmente a porcentaxe de execución prevista dos créditos deste capítulo creados co expediente de modificación de créditos 4/2024. No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024 e a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas. E o 60% das obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, estimadas en 215.000,00€, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, algunhas nin están concedidas. Por último, tamén se lle suma un 85% dos créditos creados no expediente de modificación de créditos núm. 4/2024. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade ao remate do 2024, estímanse pola media, na liquidación dos exercicio 2020 a 2022, dos pagamentos pendentes de aplicación.

CUARTO.- Contido da información

A información correspondente ao primeiro trimestre do 2024, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, erradamente como se explicou e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

**F.1 Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades**

**F.0 Datos de control**

F.0.2 Observacións da Intervención

**Datos orzamento actualizado e execución**

F.1.1.9.M Calendario e orzamento de tesourería

F.1.1.13 Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

F.1.1.14 Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

**F.3 Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas**

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

**F.4.0 Peche do informe de avaliación e sinatura**

O resumo das previsións é o seguinte:

| CONCEPTOS | Acumulado primeiro trimestre | Exercicio |
|---|---|---|
| Fondos líquidos ao inicio do exercicio | 481.540,08 | 481.540,08 |
| Cobros orzamentarios | 787.002,17 | 3.269.884,92 |
| Cobros non orzamentarios | 25.132.30 | 120.000,00 |
| Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | -26.261,10 | |
| Pagamentos orzamentarios | 672.685,13 | 3.234.515,08 |
| Pagamentos non orzamentarios | 37.114.03 | 120.000,00 |
| Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva | 5.173,23 | |
| Fondos líquidos ao rematar o período | 552.432,06 | 516.909,92 |

| Débeda viva prevista final período e exercicio | |
|---|---|
| Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE) (que exclúe a que está en poder doutras administracións) | 0,00 |
| Para os efectos do réxime de autorizacións (inclúe con AAPP, Deputación...) | 754.885,45 |

O resultado da avaliación realizada do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria é a seguinte:

| Resultado avaliación estabilidade orzamentaria ao remate de 2024 |
|---|

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| Diferenza entre ingresos e gastos non financeiros | 35.369,84 |
| Axustes | -11.024,44 |
| Previsión: Capacidade de financiamento | 24.345,40 |

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso"

**6.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA – INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS E ACORDOS CONTRARIOS A ELES E DOS SUPOSTOS DE OMISIÓN DE FUNCIÓN INTERVENTORA AOS QUE SE REFIREN OS ARTIGOS 15 E 28 DO REAL DECRETO 424/2017, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023**

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e manifesta que se da por lido. Non se producen intervencións.

O informe da Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que, xunto coa relación deles descargada da aplicación do Tribunal de Contas mediante a que se lle envían, se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME ANUAL DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN CORRESPONDENTE A 2023.

SOBRE OS ACORDOS ADOPTADOS CONTRARIOS AOS REPAROS EFECTUADOS E SUPOSTOS DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA

Normativa aplicable:

-Artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).

-Artigos 12, 15 e 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local (en adiante RD 424/2017).

-Resolución de 15 de xaneiro de 2020, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 19 de decembro de 2019, polo que se aproba a Instrución sobre a remisión da información relativa ao exercicio do control interno das entidades locais.

De acordo coa normativa de aplicación, o órgano interventor, con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento, elevará informe ao Pleno sobre todas as resolucións adoptadas polo presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Dito informe atenderá só a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. A toma de razón deste informe constituirá un punto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

independente na orde do día da correspondente sesión plenaria. O presidente da Corporación poderá presentar no pleno un informe xustificativo da súa actuación.

Nos supostos nos que a función interventora fora preceptiva e se omitira, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no artigo 28 do RD 424/2017. Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observara a omisión da función interventora o manifestará á autoridade que o iniciou e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, coa fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da entidade local decidir se continúa o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso procedan. Estes informes, que non terán a natureza de fiscalización, incluiranse na relación de resolucións contrarias a reparos referida anteriormente.

Unha vez informado o pleno da entidade local, con ocasión da conta xeral, o órgano interventor remitirá anualmente, ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo pleno da corporación contrarios aos reparos formulados e, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitara informe de conformidade coa opción establecida legalmente, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos, debendo acompañarse á citada documentación, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local con independencia da participación doutros órganos de control.

O Tribunal de Contas, por acordo do seu pleno do 19 de decembro de 2019, aprobou a Instrución sobre a remisión da información relativa ao exercicio do control interno das entidades locais, que se publicou no BOE núm. 15, correspondente ao 17 de xaneiro de 2020, por resolución da súa presidencia de 15 de xaneiro de 2020. Ten por obxecto regular a forma, alcance e procedemento que debe seguirse para dar cumprimento ao deber de remisión da información ao Tribunal de Contas por parte dos órganos de intervención das entidades locais establecido no artigo 218.3 do RDL 2/2004, e nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do RD 424/2017. Dispón que a remisión da información e documentación á que se refire dito informe, efectuarase a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais con anterioridade ao 30 de abril do exercicio seguinte a aquel ao que se refiran.

Achégase a este informe ficheiro Excel e pdf, asinados dixitalmente, contendo a relación da información a enviar, e ficheiros xustificantes como un único pdf (169) contendo toda a documentación a subministrar (acordos e informes) aos órganos de control externo por parte desta Intervención.

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico O Secretario-interventor

Baldomero Beceiro Alonso”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**7.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE CONTROL INTERNO Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023**

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e manifesta que se da por lido. Non se producen intervencións.

O informe da Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME ANUAL DE CONTROL INTERNO DA SECRETARÍA- INTERVENCIÓN EXERCICIO 2023.

I. Introdución.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, ao modificar os artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, incorporou á normativa reguladora do control e fiscalización das entidades locais procedementos e obrigacións cos que se perseguía dotar de maior transparencia á xestión pública local e de maior transcendencia aos resultados do control, contribuíndo a facilitar o coñecemento global da problemática na xestión regular dos recursos públicos no ámbito local.

Ademais, a modificación introducida na o artigo 213, insta ao Goberno, a proposta do Ministerio de Facenda, a desenvolver as normas sobre o modelo de control interno aplicable nas entidades do sector público local, en cuxo cumprimento se aprobou o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

O artigo 37 deste Real Decreto dispón que o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumen dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. O informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior. A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.

O BOE núm. 96, correspondente ao día 6 de abril de 2020, publicou a Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

Esta resolución establece que o órgano de control de cada entidade local deberá elaborar anualmente o informe resumen ao que se refire o artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. O informe deberá conter os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública. Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado. Para determinar os asuntos para incluír e o seu enfoque, pode utilizarse como orientación a guía que se inclúe como anexo I á resolución.

A estrutura do informe adaptarase á que figura como modelo no anexo II da resolución e conterá, polo menos, os seguintes apartados:

– Introdución.
– Alcance.
– Conclusións e recomendacións.
– Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.
– Valoración do plan de acción do exercicio anterior

O informe elaborarase e emitirase ao longo do primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte ao que se refiren as actuacións de control e deberá remitirse polo Interventor asinante directamente á Intervención Xeral da Administración do Estado e ao Pleno, por conduto do Presidente da Corporación. A expresión do artigo 37.1 do Real Decreto 424/2017 «con ocasión da aprobación da conta xeral», ha de ser interpretada no sentido de que se refire a actuacións a realizar que se enmarcan dentro do proceso de elaboración, formulación e aprobación da conta xeral e, por tanto, a remisión ao Pleno e á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumen debe ser realizada antes do 30 de abril do exercicio seguinte a aquel no que se realizaron as actuacións de control que se inclúen no citado informe resumo.

No Concello de Monfero está establecido o réxime de control interno simplificado, regulándose nas bases de execución do orzamento en vigor, que son as correspondentes ao orzamento de 2023, prorrogado para o 2024, aprobado por acordo do pleno da corporación do 16 de decembro de 2022, de acordo coa posibilidade establecida no artigo 39 do Real Decreto 424/2017, por estar incluído no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local, e tamén o estaba no exercicio de 2023, o que implica, de acordo co artigo seguinte, o exercicio da función interventora sen que resulta de aplicación obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) da última norma citada e daquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal. A función interventora exércese no réxime de intervención limitada previa de requisitos básicos ao que se refiren os artigos 219.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e 13 do Real Decreto 424/2017, desde hai moitos anos, regulándose tamén nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento. Neste réxime, a intervención previa limítase a comprobar a existencia de crédito suficiente e axeitado, nos casos de gastos con financiamento afectado comprobándose tamén que os recursos que os financian son executivos, o cumprimento do preceptuado no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 no caso de gastos de carácter plurianual, que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente, e os elementos transcendentais no proceso de xestión fixados nos acordos do Consello de Ministros vixentes en cada momento con respecto do exercicio da función

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

interventora en réxime de requisitos básicos naqueles supostos que sexan de aplicación ás entidades locais. En concreto no exercicio de 2023, a Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, e a Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios. Pola súa banda, a fiscalización previa de dereitos e ingresos substitúese, en harmonía co acordado co Pleno da corporación con motivo da aprobación das bases de execución do orzamento vixente no 2023, e tamén no 2024, polo control inherente a toma de razón na contabilidade, sen alcanzar á fiscalización dos actos de ordenación e pagamento material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

II. Alcance do informe resumo

Como base para a elaboración deste informe resumo, pártese das actuacións de control realizadas no exercicio 2023, as que someramente describo deseguido.

De acordo co réxime aplicable descrito no parágrafo anterior, exerceuse no 2023 o control interno simplificado, é dicir, a función interventora, controlando os actos da entidade que dan lugar ao recoñecemento de dereitos e á realización de gastos, así coma os ingresos e pagamentos que dela se derivan e o investimento e a aplicación en xeral dos seus fondos públicos, coa fin de asegurar que a súa xestión se axusta ás disposicións aplicables en cada caso, e o control financeiro limitado só a aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal, por ser só estas as funcións de cumprimento obrigatorio no réxime de control interno simplificado que se aplican no Concello.

No exercicio da función interventora, realizáronse as fases que se relacionan a continuación co alcance sinalado anteriormente derivado dos réximes aplicables na Corporación segundo o acordado por ela, é dicir, de intervención limitada previa de requisitos básicos nos gastos e toma de razón en contabilidade no caso dos ingresos:

a) A fiscalización previa dos actos que recoñeceron dereitos de contido económico, autorizaron ou aprobaron gastos, dispuxeron ou comprometeron gastos e acordaron movementos de fondos e valores.

b) A intervención do recoñecemento das obrigas e a intervención da comprobación material dos investimentos.

c) A intervención formal da ordenación dos pagamentos.

d) A intervención material dos pagamentos.

A función interventora exerceuse, co alcance e limitacións aplicables acordadas, xa expostas anteriormente neste informe, nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistiu na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción dos acordos mediante o exame dos documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente. Na intervención material comprobando a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cando a función interventora era preceptiva e omitiuse, procedeuse de conformidade co disposto no artigo 28 do Real Decreto 424/2017.

Ademais, entre outras, leváronse a cabo de forma continuada as actuacións encadradas no control interno que constan nos respectivos expedientes e que non se achegan por razóns de economía de trámite, cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal que se indican deseguido:

a) O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

b) O informe dos proxectos de orzamentos, prorrogas e dos expedientes de modificación destes.

c) A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.

d) A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico- financeira ou orzamentaria se lle solicitaron ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.

e) Os informes e certificados en materia económico-financeira e orzamentaria e a súa remisión aos órganos establecidos pola súa normativa específica.

No referente á disposición dos medios necesarios e suficientes para desenvolver un modelo de control eficaz nos termos que establece o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, reitérase o informado, conforme se ven facendo ultimamente nos informes sobre os proxectos de orzamento e con carácter previo á liquidación do orzamento, da insuficiencia de persoal para facer fronte a todas as tarefas encomendadas ao Concello en xeral e á area de secretaría-intervención, con funcións de tesourería, en particular, que van “in crescendo” ano tras ano coa incorporación de novas obrigas. A necesidade de dotar e actualizar a relación de postos de traballo do Concello, na que existen prazas vacantes desde hai moitos anos, a de asignación das que se precisa realizar e que non aparecen reflectidas en dito documento, adaptándoa ás novas obrigas municipais. Tamén a necesidade de previr e planificar axeitadamente a atención ás carencias de persoal, permanentes e puntuais, a cobertura das prazas vacantes e o control do persoal.

III. Conclusións e recomendacións

As conclusións máis relevantes que se deducen das actuacións de control realizadas no exercicio da función interventora expóñense a continuación.

Obsérvase que aínda que se segue a mellorar, destaca, porque tamén segue a ser importante, o grao da contratación verbal, que se considera que podería mellorar de forma moi importante con planificación e cun maior grao de comunicación e aumentando a capacidade de xestión do Concello reforzando os servizos encargados. Séguense a atender desta maneira, ou tamén con moita frecuencia con contratos menores que non se consideran procedentes, gastos previsibles, recorrentes e periódicos e outros de pequena contía, e algúns que pola contra, no seu cómputo anual, obrigarían a contratación nun procedemento aberto, tales como os de subministración de enerxía eléctrica ou os de subministración de combustibles e carburantes, que por estes motivos son tramitados polo procedemento da omisión da función interventora na fase da súa adxudicación, ao non estar excluídos de fiscalización, para a aprobación da liquidación e do recoñecemento dos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

gastos correspondentes. Aspecto que se solucionaría mediante a súa contratación en forma ou adhesión a centrais de contratación.

En materia de contratación, segue a ser moi loable a utilización en case todos os casos de procedementos nos que os criterios de adxudicación baséanse no prezo e noutros criterios de adxudicación obxectivos avaliables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas.

Tamén hai que insistir aquí no xa informado no seu momento, sobre a necesidade de adaptar a relación de postos de traballos ás novas necesidades, e a asignación das novas funcións, e da súa cobertura, para que responda a súa finalidade; da planificación e atención as necesidades puntuais imprescindibles de persoal para que non deixen de funcionar servizos esenciais, insistindo na necesidade de deixar de atender con solucións temporais as necesidades permanentes de persoal do Concello, así como do seu obrigado control.

En materia de control interno, destacar a mellora progresiva dos prazos de aprobación dos orzamentos municipais ata o exercicio que se avalía, incluído, se ben xa non se da no exercicio actual.

No exercicio que se avalía, o Pleno do Congreso dos Deputados, co obxectivo de dotar ás entidades locais de fontes de recursos suficientes para facer fronte a situación de crise e seguindo as recomendacións da Comisión Europea, que aplicou a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, 2021 e 2022, o pasado 22 de setembro de 2022, adoptou o acordo polo que se mantiña para o 2023 a suspensión das regras fiscais acordada por ese mesmo órgano anteriormente, que aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros polo que se solicitaba do Congreso dos Deputados a apreciación de que España estaba a sufrir unha pandemia, o que supoñía unha situación de emerxencia extraordinaria, e aplicou a previsión constitucional que permite nestes casos superar os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública, e coa apreciación adoptada agora polo Congreso se mantiveron suspendidos, durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e de débeda, así como a regra do gasto, e deste xeito, España mantivo en suspenso o camiño de consolidación fiscal aprobado antes da crise sanitaria da Covid- 19.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción

No parágrafo anterior de conclusións e recomendacións, fanse as necesarias para a corrección das deficiencias detectadas, considerándose oportuna a elaboración dun Plan de Acción que inclúa medidas, prazos e responsables, para corrixir as deficiencias que se poñen de manifesto.

V. Valoración do plan de acción.

Non se inclúe a valoración do plan de acción ao non terse aprobado.

É o que agás erro ou omisión involuntaria ten que informar o funcionario que asina.

Monfero, 21 de maio de 2024

O Secretario-Interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

**8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 156/2024, DE 15 DE MAIO, DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AEAT PARA FACILITAR O**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ÁS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2024/G003/000140)**

O Sr. Alcalde explica en termos similares aos que constan nela o contido da resolución da Alcaldía a ratificar á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e que se transcribe textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: ACUERDO DE COLABORACIÓN AEAT-CONCELLO DE MONFERO. EXPEDIENTE: 2024/G003/000140

ANTECEDENTES:

Logo de ver a información recibida da AEAT, no marco do Protocolo asinado entre a Axencia Tributaria e a Plataforma de Maiores e Pensionistas para facilitar o cumprimento das súas obrigacións tributarias ás persoas maiores de 65 anos, prestándolles un servizo de confección da declaración da Renda no seu propio Concello, poñendo en marcha un programa de vídeo asistencia coa AEAT.

Logo de ver o documento de ACORDO no que se establecen as condicións que han de rexer a colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Concello de Monfero para a prestación de servizos de asistencia técnica e material de carácter presencial aos cidadáns maiores de sesenta e cinco anos, para a confección de declaracións do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas a través de vídeo asistencia por parte do persoal da Axencia Tributaria e o texto do citado Convenio, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a AEAT e o Concello de Monfero para a prestación de servizos de asistencia técnica presencial para a confección de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas por vídeo asistencia a cidadáns maiores de sesenta e cinco anos que se reproduce deseguido como Anexo.

2.- Declarar a vontade do Concello de Monfero de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

3.- Designar a Dª. Ruth Álvarez Grande como persoal do Concello que participará na prestación dos servizos de asistencia aos que se refire o Acordo asinado

4.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre para a súa ratificación, á que queda vinculada.

ANEXO

ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA Y EL AYUNTAMIENTO DE MONFERO PARA LA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ASISTENCIA TÉCNICA PRESENCIAL PARA LA CONFECCIÓN DE DECLARACIONES DEL IMPUESTO SOBRE LA RENTA DE LAS PERSONAS FÍSICAS POR VIDEOASISTENCIA A CIUDADANOS MAYORES DE SESENTA Y CINCO AÑOS INTERVIENEN

De una parte, Dª Soledad Fernández Doctor, Directora General de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, cargo para el que fue designada por Real Decreto 436/2022, de 8 de junio, actuando en el ejercicio de las competencias que le han sido delegadas por la Presidencia de la Agencia Estatal de Administración Tributaria en virtud de la Resolución de 18 de noviembre de 2022, por la que se delegan competencias en materia de acuerdos de colaboración social en la aplicación de los tributos,

y, de otra parte, D. Andrés Feal Varela en su condición de Alcalde –Presidente, en nombre y representación del Ayuntamiento de Monfero, cargo que ostenta por Acuerdo del Pleno de fecha 17 de junio de 2023, en virtud de las atribuciones que le confiere el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local

EXPONEN

Que la Agencia Estatal de Administración Tributaria, responsable de la aplicación efectiva del sistema tributario estatal y del aduanero, concentra una parte importante de su actuación en labores de información y asistencia a los obligados tributarios que faciliten y favorezcan el cumplimiento voluntario de sus obligaciones fiscales y minimicen los costes indirectos derivados de tal cumplimiento.

Que, en este marco, la Agencia Estatal de Administración Tributaria considera prioritario potenciar la colaboración social en la gestión de los tributos, prevista en el artículo 92 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, (en adelante Ley General Tributaria) en la medida en que la participación de colaboradores externos en estas tareas redunda en la mejora de los servicios ofrecidos a los contribuyentes. Así, las letras b), c), d) y e) del apartado 3 del artículo 92 de la Ley General Tributaria contemplan como aspectos a los que puede referirse la colaboración social, las campañas de información y difusión, la simplificación del cumplimiento de las obligaciones tributarias, la asistencia en la realización de autoliquidaciones, declaraciones y comunicaciones y en su correcta cumplimentación, y la presentación y remisión a la Administración tributaria de autoliquidaciones, declaraciones, comunicaciones o cualquier otro documento con trascendencia tributaria, previa autorización de los obligados tributarios.

Que la Agencia Estatal de Administración Tributaria ha apostado decididamente por la utilización de las nuevas tecnologías de comunicación telemática en el ámbito tributario con el propósito de facilitar a los obligados tributarios el cumplimiento de sus obligaciones fiscales. Así, de conformidad con el apartado 4 del artículo 92 de la Ley General Tributaria, la Administración tributaria podrá señalar los requisitos y condiciones para que la colaboración social se realice mediante la utilización de técnicas y medios electrónicos, informáticos y telemáticos.

Que el artículo 67 del Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas y se modifica el Reglamento de Planes y Fondos de Pensiones, aprobado por Real Decreto 304/2004, de 20 de febrero, establece en su apartado 1 que la Agencia Estatal de Administración Tributaria podrá hacer efectiva la colaboración social en la presentación de declaraciones por este Impuesto a través de acuerdos formalizados con, entre otros, las Administraciones Públicas, y en su apartado 2, establece que los

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

acuerdos a que se refiere el apartado anterior podrán referirse, entre otros aspectos, a la asistencia en la realización de declaraciones y en su cumplimentación correcta y veraz. Asimismo, el apartado 3 del citado artículo señala que la Agencia Estatal de Administración Tributaria proporcionará la asistencia técnica necesaria para el desarrollo de las indicadas actuaciones sin perjuicio de ofrecer dichos servicios con carácter general a los contribuyentes.

Que la Orden 1398/2003, de 27 de mayo, por la que se establecen los supuestos y condiciones en que podrá hacerse efectiva la colaboración social en la gestión de los tributos, en su apartado Cuarto establece las condiciones para la prestación por parte de las Administraciones de las Comunidades Autónomas y las Entidades que integran la Administración Local, de determinados servicios de información y asistencia a los ciudadanos para la realización de trámites tributarios de la Agencia Estatal de Administración Tributaria.

Que la Agencia Estatal de Administración Tributaria ha suscrito con la Plataforma de Mayores y Pensionistas, el 19 de diciembre de 2022, el Protocolo General de Actuación cuyo objeto es establecer las pautas básicas para la asistencia por parte de la Agencia Tributaria a las personas mayores en el ejercicio de sus derechos y el cumplimiento de sus obligaciones de carácter tributario, recogiéndose dentro de las posibles acciones a desarrollar por parte de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, la posibilidad de avanzar en la adopción de acuerdos con entidades locales para la puesta en marcha de actuaciones dirigidas a la prestación de servicios de información y asistencia en su ámbito en favor de los mayores.

Que el servicio a los ciudadanos da sentido y es el fundamento de una Administración Municipal que pretende que aquellos constituyan el centro de atención del quehacer administrativo, facilitándoles sus relaciones con otras Administraciones y Organismos Públicos. En este sentido, el Ayuntamiento de Monfero ha manifestado su interés en prestar su colaboración con la Agencia Estatal de Administración Tributaria para la mejora de los servicios de asistencia al contribuyente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias. Para el desarrollo de estos servicios se considera de gran interés favorecer la asistencia técnica y material de carácter presencial a los ciudadanos mayores de sesenta y cinco años 3 para la confección de declaraciones del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas a través de videoasistencia por parte del personal de la Agencia Estatal de Administración Tributaria y así dar, en consecuencia, pleno sentido y efectividad a la administración electrónica.

Por todo lo anterior, y en el marco de colaboración mutua que debe presidir las relaciones entre las Administraciones Públicas conforme al principio establecido en el artículo 3.1.k) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, ambas partes

ACUERDAN

Primero. - OBJETO

Uno. El presente Acuerdo tiene por objeto el establecimiento de las condiciones que han de regir la colaboración entre la Agencia Estatal de Administración Tributaria (en adelante Agencia Tributaria) y el Ayuntamiento de Monfero para la prestación de servicios de asistencia técnica y material de carácter presencial a los ciudadanos mayores de sesenta y cinco años, para la confección de declaraciones del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas a través de videoasistencia por parte del personal de la Agencia Tributaria, sin perjuicio de las facultades de comprobación e investigación de la misma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1) En particular, el Ayuntamiento de Monfero podrá colaborar con la Agencia Tributaria, a través del personal a su servicio que designe, en la prestación de forma gratuita de servicios presenciales de asistencia técnica y material a los ciudadanos mayores de sesenta y cinco años para la confección de declaraciones del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas a través de videoasistencia por parte del personal de la Agencia Tributaria.

2) La Agencia Tributaria creará Centros presenciales “virtuales” para la ejecución de estos Acuerdos de colaboración, y dispondrá de uno o varios Centros presenciales “virtuales” en la provincia de adscripción del Ayuntamiento de Monfero.

3) La implementación de la asistencia se realizará en la modalidad de cita para la atención por “Videoasistencia desde Entidad Local” en los plazos establecidos para la atención telefónica y presencial en oficinas de la Agencia Tributaria.

4) Solo se mostrará en la aplicación de Cita Renta este tipo de Centro, a aquellos contribuyentes que cumplan con el perfil de solicitud de cita, que sean mayores de 65 años y cuyo domicilio fiscal se encuentre en el término municipal del Ayuntamiento de Monfero, o en otros de los indicados a la Agencia Tributaria a cuyos vecinos se quiera extender el servicio.

5) El Centro no se mostrará en la aplicación de Cita Renta, aun cumpliendo con los requisitos del punto anterior, si no existen citas disponibles. El centro se mostrará, 4 pero no ofrecerá cita, el día que sea festivo en el municipio del ayuntamiento al que pertenece el contribuyente o en el municipio desde donde se realiza la prestación del servicio (centro presencial “virtual”).

6) El Ayuntamiento de Monfero podrá prestar el servicio de asistencia en otro lugar dentro del mismo municipio.

7) El Ayuntamiento de Monfero podrá acceder, a través del personal a su servicio que designe, vía aplicación de administración de Cita, a la lista de contribuyentes, con domicilio fiscal en su municipio o en otros de los indicados a la Agencia Tributaria a cuyos vecinos se quiera extender el servicio, que han concertado cita para un día concreto en el centro presencial “virtual”.

8) En el caso de que se concierte una cita para la unidad familiar, será necesario identificar a todos los miembros de la unidad familiar con rentas, que podrá efectuarse mediante datos de contraste (Domicilio Fiscal, Datos del DNI, y un IBAN que conozca la Agencia Tributaria.

9) En ningún caso podrá prestarse la asistencia a quien pretenda actuar en representación de terceros (autorizados, apoderados o colaboradores sociales).

10) Para la implementación de la asistencia, la Agencia Tributaria establecerá los requisitos técnicos referidos a la aplicación de videollamada, sistema operativo, navegador, conexión, cámara, sistema de audio e impresora de los que deberá disponer el Ayuntamiento de Monfero.

11) El Ayuntamiento de Monfero dispondrá de una sala o zona reservada que garantice la privacidad del servicio de asistencia técnica y material de carácter presencial a los ciudadanos mayores de sesenta y cinco años, para la confección de declaraciones del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas a través de videoasistencia.

Dos. La Agencia Tributaria y el Ayuntamiento de Monfero desarrollarán su colaboración en los términos acordados en el apartado anterior y sin perjuicio de lo que se establezca para futuras campañas para la prestación de servicios de asistencia técnica y material que puedan reportar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

beneficios a los ciudadanos en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias, de acuerdo con lo que la normativa correspondiente establezca.

Segundo. - OBLIGACIONES DE LAS PARTES FIRMANTES

El presente Acuerdo obliga a las partes firmantes a prestarse la adecuada colaboración para conseguir el mejor logro su objeto.

El Ayuntamiento de Monfero se compromete a designar el personal a su servicio que siguiendo el protocolo de actuación establecido por la Agencia Tributaria, prestará en los términos acordados los servicios objeto de este Acuerdo de colaboración.

El Ayuntamiento de Monfero deberá proporcionar a la Agencia Tributaria el listado del personal del ayuntamiento que participará en la prestación de los servicios de asistencia, con el fin de quedar registrados y obtener los permisos para el acceso al listado de contribuyentes, con domicilio fiscal en su término municipal o en otros de los indicados a la Agencia Tributaria a cuyos vecinos se quiera extender el servicio, que han concertado cita para un día concreto en el centro presencial "virtual". Para dicho acceso deberán hacer uso de un certificado electrónico de persona física del que sean titulares, ya sea de empleado público o personal.

El personal del Ayuntamiento de Monfero que preste los servicios de asistencia a que se refiere este Acuerdo se compromete a prestarlos conforme a las condiciones a las que se refiere cláusula Primera.

El Ayuntamiento de Monfero adoptará las medidas necesarias para garantizar la confidencialidad de la información y su uso adecuado, en virtud de lo establecido en el artículo 95 de la Ley General Tributaria.

En ningún caso se guardarán datos personales de los contribuyentes, ni se realizarán capturas de pantalla, ni se conservarán documentos impresos o documentación facilitada por los contribuyentes.

El personal del Ayuntamiento de Monfero que preste los servicios de asistencia a que se refiere el número Uno de la cláusula Primera de este Acuerdo no dispondrá de accesos a la información de carácter tributario disponible en las bases de datos de la Agencia Tributaria.

La Agencia Tributaria se compromete a diseñar un protocolo específico destinado al personal del Ayuntamiento que prestará los servicios de asistencia con las actuaciones que sean necesarias para garantizar una adecuada atención.

La Agencia Tributaria proporcionará la asistencia técnica necesaria para la prestación a los ciudadanos mayores de sesenta y cinco años de los servicios especificados en los apartados anteriores, al personal del Ayuntamiento de Monfero. En cuanto al soporte técnico para el correcto establecimiento y funcionamiento de la videollamada, solo se garantizará cuando el Ayuntamiento se ajuste a los requisitos técnicos recomendados por la Agencia Tributaria.

El incumplimiento de cualquiera de las exigencias de este Acuerdo supondrá la resolución del mismo previa instrucción del correspondiente expediente con audiencia al interesado. La Agencia Tributaria o el Ayuntamiento de Monfero deberán notificar esta resolución conforme a los medios previstos en el ordenamiento jurídico.

Tercero. - SEGURIDAD DE LA INFORMACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Uno. El Ayuntamiento de Monfero será responsable de la seguridad de la información que se ponga a su disposición por parte de los contribuyentes en la prestación de los servicios a los que se refiere el número Uno de la cláusula Primera del presente Acuerdo.

Se adoptarán las medidas necesarias para que dicha información se utilice exclusivamente para la prestación del servicio y, en particular:

a) Que el personal que participe en la prestación de los servicios solo acceda a la información relativa a un obligado tributario que le haya facilitado este y en todo caso sin disponer de acceso propio a la información de carácter tributario disponible en las bases de datos de la Agencia Tributaria.

b) Que los documentos aportados por los obligados para prestación de los servicios de videoasistencia les sean devueltos y que las copias o impresiones inutilizadas sean convenientemente destruidas en la forma que se especifique.

c) Que el personal que participe en la prestación de los servicios no guarde en los equipos que utilice para atender al contribuyente ningún documento PDF que se pueda generar (vistas previas, justificantes de presentación, informes de traslado, etc.). La finalidad exclusiva de estos documentos PDF es que se puedan imprimir copias para los contribuyentes, por lo que el personal no deberá almacenarlos en los equipos.

Dos. El Ayuntamiento de Monfero informará a la Agencia Tributaria, cuando ésta lo solicite, de las medidas disciplinarias o de otra índole que se adopten como consecuencia de las infracciones a la seguridad de la información que puedan producirse por parte de su personal.

Cuarto. - VIGENCIA DEL ACUERDO

El presente Acuerdo entrará en vigor el día siguiente a su firma y tendrá una duración de un año a contar desde esa fecha, prorrogándose tácitamente por períodos de igual duración, salvo que sea denunciado por cualquiera de las partes, manifestando su voluntad de resolverlo con dos meses de antelación a la fecha de terminación del plazo inicialmente pactado o de cualquiera de sus prórrogas.

Quinto. – RÉGIMEN JURÍDICO APLICABLE Y ORDEN JURISDICCIONAL COMPETENTE

El presente Acuerdo se regirá por lo dispuesto en el artículo 92 de la Ley General Tributaria, la Disposición Final Segunda de la Ley 50/1998, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social, el Reglamento General de las actuaciones y los procedimientos de gestión e inspección tributaria y de desarrollo de las normas comunes de los procedimientos de aplicación de los tributos, aprobado por el Real Decreto 1065/2007, de 27 de julio, y la Orden HAC/1398/2003, de 27 de mayo, por la que se establecen los supuestos y condiciones en que podrá hacerse efectiva la colaboración social en la gestión de los tributos, aplicándose los principios de la Ley de Contratos del Sector Público para resolver las dudas y lagunas que pudieran presentarse.

Las cuestiones litigiosas que puedan surgir en la interpretación y cumplimiento del mismo serán competencia del orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

Por la Agencia Estatal de Administración Tributaria Soledad Fernández Doctor Por el Ayuntamiento de Monfero Andrés Feal Varela”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente: Andrés Feal Varela O Secretario: Baldomero Beceiro Alonso"

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que a resolución da Alcaldía núm. 156/2024 é ratificada co voto favorable de todas as persoas membros da Corporación.

**9.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO 2024-2027**

O Sr. Alcalde manifesta que se trata dun plan que hai que aprobar porque o di a Lei de subvencións de Galicia, indicando cales van ser máis ou menos as liñas á hora de conceder as subvencións, e que vai na liña do que se está facendo agora, que van as nominativas e todas esas cousas.

A proposta de acordo da Alcaldía ao Pleno da Corporación con respecto a este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024/2027

EXPEDIENTE TEDEC: 2024/A013/000001

O art. 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece a obriga de elaboración e aprobación dun Plan Especial de Subvencións para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia, que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade en materia de subvencións das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, se presenta un Plan que pretende seguir apoiando a diferentes colectivos dentro do ámbito municipal dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural ou deportivo, como se ven facendo dende hai anos dende o goberno municipal.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social nin as axudas á escolarización, por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: ". Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial". Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Á vista de todo o exposto, e do informe emitido pola Secretaría-intervención con data de 18/06/2024, esta Alcaldía propón ao pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Monfero 2024/2027, que consta a continuación como anexo, e proceder á súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

ANEXO

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE MONFERO 2024-2027

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera ente público responsable da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, estando suxeito en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 tamén regula no artigo 5 a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións:

ARTIGO 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan

Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social nin as axudas á escolarización por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “Non teñen o carácter de subvencións:

a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Concello de Monfero pretende seguir apoiando a diferentes colectivos dentro do ámbito municipal dada súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, de ocupación do tempo libre, festexos, deportivo e promoción económica.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2024 a 2027 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; se ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

Os beneficiarios poderán ser persoas físicas ou xurídicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS .

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, son as seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Liña 1: Fomento de actividades complementarias da educación, de promoción da cultura, de ocupación do tempo libre, de festexos populares, deportivas e de promoción económica, nos seus distintos ámbitos.

- Liña 2: Fomento da natalidade.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE EDUCACIÓN, CULTURA, TEMPO LIBRE, FESTAS POPULARES, DEPORTIVAS E DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das persoas e asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, cultural, de ocupación do tempo libre, deportivo, así como ás comisións de festas para a celebración de festas populares tradicionais e de promoción económica.

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar o desenvolvemento de actividades complementarias da educación, deportivas, culturais, de ocupación do tempo libre e de promoción económica que poidan desenvolver as distintas persoas e asociacións.

- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.

- Fomento das actividades extraescolares.

- Apoiar a celebración das festas populares de carácter tradicional no noso Concello.

c) Prazo de execución: Anual

d) Custes previsibles:

Os custes previstos para o período 2024-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrencia competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5.2. SUBVENCIONES EN MATERIA DE FOMENTO DA NATALIDADE.

a) Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Monfero, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias por nacemento ou adopción de fillos/as.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a natalidade no termo municipal e o asentamento da poboación no Concello.

c) Prazo: Anual.

d) Custes previsibles: Os custes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas especificas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión

g) Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que "tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención", as bases das diferentes convocatorias ou os convenios reguladores, en función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Secretaría- intervención do Concello de Monfero, que se realizará nas condicións estipuladas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Secretaría-intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Monfero 2024-2027 é aprobado co voto favorable de todas as persoas membros da Corporación.

**10.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI**

O Sr. Alcalde le os acordos a adoptar que se propoñen na moción do Bloque Nacionalista Galego con respecto a este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e que se transcribe textualmente a continuación:

"MOCIÓN PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI

Manuel García Deive, como concelleiro do BNG do Concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos olos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Polo anteriormente exposto, o BNG do concello de Monfero, presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo as adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Exixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

Asdo. Manuel García Deive
Concelleiro do BNG do Concello de Monfero"

O Sr. Alcalde manifesta que eles van a estar de acordo coa moción. Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Bloque Nacionalista Galego para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta celulosa de Altri en Palas de Rei á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación con 5 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Xa que logo o Sr. Alcalde así o declara.

**11.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO**

O Sr. Alcalde le os acordos a adoptar que se propoñen na moción do Bloque Nacionalista Galego con respecto a este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e que se transcribe textualmente a continuación:

"MOCIÓN PARA INSTAR AO CONCELLO DE MONFERO A QUE ADOPTE UN ACORDO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA NO CONCELLO

Manuel García Deive, como concelleiro do BNG do Concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Monfero debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais. Igualmente, a industria de transformación da madeira tamén é esencial para a economía de Monfero, debido ós postos de traballo que xera.

Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha manchea de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida.

Sen embargo, para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

O Concello, sendo consciente da importancia do sector, débese preocupar tamén polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, e é a súa obriga pretender regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Monfero, no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais.

Polo anteriormente exposto, o BNG do concello de Monfero, presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo as adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. Pedir ao goberno do concello de Monfero a elaboración dunha ordenanza que pretenda acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira.

2. Elaborar e aprobar dita ordenanza co consenso dos grupos políticos e facelo con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo establecidas pola Lei reguladora das bases de réxime local e pola Lei de administración local de Galicia, entre outras.

3. Regular a través desa ordenanza a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo.

4. Creación dun rexistro de empresas madeireiras para levar control das entidades que realizan actividades no termo municipal, e establecer unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados. Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Por último a ordenanza deberá recoller un apartado de infraccións e de sancións.

Asdo. Manuel García Deive
Concelleiro do BNG do Concello de Monfero"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Alcalde manifesta que o que lles ven a dicir a moción é que, entre todos os grupos políticos, facer unha ordenanza para controlar todo iso e que, entón, terán que poñerse de acordo, reunirse, elaborar unha ordenanza e publicala, como se fai con todas as ordenanzas, e que eles, en principio van a estar de acordo en aprobala, en iniciar o expediente para elaborala.

Deseguido intervén a Sra. Voceira do PP, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo, nesta moción, tamén está de acordo en que este é un tema que hai que regular, pero que lles gustaría facer unha angávega, que o que tamén queren é que se designe a unha persoa do Concello para que se encargue de todo o proceso de corta e saca, porque xa se ten dado nalgún concello que hai dúas empresas traballando ao mesmo tempo na mesma zona e unha empresa deixa todo perfecto e a outra non, e que entón o que queren é que se leve un control para que non haxa culpas que poden ser erradas. O Sr. Alcalde contéstalle que cando elaboren a ordenanza entre todos xa se tratan esas cousas. Continúa a Sra. Concelleira indicando que incluso as propias empresas forestais din que ten que haber un control en todo isto.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Bloque Nacionalista Galego para a elaboración e aprobación dunha Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros. Xa que logo, o Sr. Alcalde decláraa aprobada por unanimidade.

**12.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE PROPOSTAS DA CIG NA CAMPAÑA STOP PRECARIEDADE, TRABALLO DIGNO**

O Sr. Alcalde le os acordos a adoptar que se propoñen na moción do Bloque Nacionalista Galego con respecto a este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e que se transcribe textualmente a continuación:
"PROPOSTA DE MOCIÓN

Manuel García Deive, en nome da CIG e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno sobre Propostas da CIG na Campaña STOP PRECARIEDADE, TRABALLO DIGNO que estamos a impulsar, e que sinala o seguinte:

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derrogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.

Compre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á

nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Por todos estes motivos, solicitase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

2.- Demandar do Goberno español a derrogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

4.- Instar ao Goberno español á aprobación imediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos dacordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.

Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego.

Asdo. Manuel García Deive
Concelleiro do BNG do concello de Monfero"

Deseguido, o Sr. Alcalde pregunta se alguén quere intervir. Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Bloque Nacionalista Galego sobre propostas da CIG na campaña stop precariedade, traballo digno á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación con 5 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Xa que logo o Sr. Alcalde así o declara.

## 13.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO ÚLTIMOS

O Sr. Alcalde pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións.
O extracto das resolucións da Alcaldía dos meses de marzo, abril e maio últimos, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido

EXTRACTO RESOLUCIÓNS ALCADÍA DO 1 DE MARZO AO 31 DE MAIO DE 2024

| Fecha Firma | Asunto | Nº Decreto |
|---|---|---|
| 01-03-2024 14:24 | CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 06-03-2024 (03/2024) | 00069/2024 |
| 04-03-2024 09:37 | CONTRATACIÓN PEÓN RECOLLIDA DE PLASTICOS E VOLUMINOSOS | 00070/2024 |
| 04-03-2024 14:31 | ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 02/2024 | 00071/2024 |
| 05-03-2024 14:41 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06-03-2024 (09/2024) | 00072/2024 |
| 06-03-2024 19:48 | DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE MARZO | 00073/2024 |
| 07-03-2024 19:31 | APROBACIÓN DESFRUTE PERIODO VACACIONAL | 00074/2024 |
| 11-03-2024 19:14 | SUBMINISTRACIÓN MATERIAL ACTIVIDADES PACTO ESTADO VIOLENCIA DE XÉNERO | 00075/2024 |
| 12-03-2024 14:27 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 13-03-2024 (10/2024) | 00076/2024 |
| 12-03-2024 14:26 | CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 15-03-2024 (04/2024) | 00077/2024 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

| | | |
|---|---|---|
| 12-03-2024 18:04 | APROBACIÓN DEFINITIVA P.M. PREVENCIÓN E DEFENSA INCENDIOS FORESTAIS | 00078/2024 |
| 14-03-2024 14:41 | CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES | 00079/2024 |
| 14-03-2024 15:05 | MARCOS ORZAMENTARIOS 2025-2027 | 00080/2024 |
| 15-03-2024 10:10 | ESPAZOS DAS FAMILIAS 2º semestre 2024 | 00081/2024 |
| 18-03-2024 14:05 | SOLICITUDE CONCELLEIRA DE ACCESO A EXPEDIENTE | 00082/2024 |
| 18-03-2024 14:43 | POS+ADICIONAL 2/2023 INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES (2ªfase) PROXECTO MODIFICADO 2 | 00083/2024 |
| 18-03-2024 14:49 | DECRETO LISTA DE AGARDA SERVIZO DE AXUDAS TECNICAS | 00084/2024 |
| 19-03-2024 11:00 | APROBACIÓN CONVENIO E SOLIC SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2024 | 00085/2024 |
| 19-03-2024 14:28 | ACTIVACIÓN CONTRATO FIXO DESCONTINUO TECNICO TURISMO | 00086/2024 |
| 19-03-2024 14:37 | ALTAS SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE | 00087/2024 |
| 19-03-2024 18:51 | RELACIÓN FACTURAS 013DOISE/2024 | 00088/2024 |
| 20-03-2024 13:51 | ADHESIÓN AO PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO -PMH- | 00089/2024 |
| 20-03-2024 13:52 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00090/2024 |
| 20-03-2024 13:52 | Modificación Contrato Menor.-SERVIZO TRANSPORTE ACTIVIDADE DEPORTIVA NA NEVE 2024 | 00091/2024 |
| 20-03-2024 13:56 | RELACIÓN FACTURAS 014DRRSE/2024 | 00092/2024 |
| 20-03-2024 15:07 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 21-03-2024 (11/2024) | 00093/2024 |
| 22-03-2024 14:30 | RELACIÓN FACTURAS 015DOK/2024 | 00094/2024 |
| 25-03-2024 12:06 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00095/2024 |
| 26-03-2024 14:47 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27-03-2024 (12/2024) | 00096/2024 |
| 27-03-2024 12:06 | Revisiones Anuales del Padrón Municipal de Habitantes . CIFRA POBLACIÓN 01/01/2024 | 00097/2024 |
| 27-03-2024 13:44 | NÓMINAS 03/2024 | 00098/2024 |
| 27-03-2024 13:44 | RELACIÓN FACTURAS 016DRRSU/2024 | 00099/2024 |
| 27-03-2024 15:05 | SOLICITUDE CONCESIÓN DE DÍA DE ASUNTOS PROPIOS MFM | 00100/2024 |
| 27-03-2024 15:06 | ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 03/2024 | 00101/2024 |
| 27-03-2024 15:15 | PLAN CONCERTADO 2024 PASSCM 2024 | 00102/2024 |
| 27-03-2024 16:37 | PLAN CONCERTADO 2024 PASSCM 2024 | 00103/2024 |
| 27-03-2024 18:59 | DECRETO ALTA E ACTUALIZACION LISTA LIBRE CONCORRENCIA 27.03.2024 | 00104/2024 |
| 27-03-2024 19:01 | DECRETO INCREMENTOS HORARIO SAF DEPENDENCIA MARZO E ABRIL 2024 | 00105/2024 |
| 01-04-2024 18:51 | SOLICITUDE INFORME CONSELLO EMPADROAMENTO | 00106/2024 |
| 02-04-2024 12:04 | PLAN PROVINCIAL POS+ 2024 | 00107/2024 |
| 02-04-2024 15:08 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 03-04-2024 (13/2024) | 00108/2024 |
| 04-04-2024 11:10 | MOVEMENTO POBOACIONAL 1ºT/2024 | 00109/2024 |
| 04-04-2024 12:48 | PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS | 00110/2024 |
| 04-04-2024 14:32 | EXPEDIENTE M.C 02/2024 XENERACIÓN DE CRÉDITOS | 00111/2024 |
| 04-04-2024 18:30 | RECUSO CONTENCIOSO, EMPRAZAMENTO E DESIGNACION ABOGADO | 00112/2024 |
| 05-04-2024 14:48 | Contrato menor.- REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO PORTAL CAMPO DE FÚTBOL | 00113/2024 |
| 09-04-2024 14:52 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10-04-2024 (14/2024) | 00114/2024 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0ntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

| | | |
|---|---|---|
| 11-04-2024 11:04 | ADXUDICACIÓN SERVIZO DE MANTEMENTO DESFIBRILADOR | 00115/2024 |
| 11-04-2024 14:14 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00116/2024 |
| 11-04-2024 14:16 | ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS PEL 2024 | 00117/2024 |
| 11-04-2024 14:16 | EXPDTE M.C 03/2024 TC. | 00118/2024 |
| 11-04-2024 16:39 | BAIXA ALTA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS APOIO Á MOBILIDADE | 00119/2024 |
| 12-04-2024 14:22 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00120/2024 |
| 12-04-2024 17:42 | APROBACIÓN LIQUIDACIÓN 2023 | 00121/2024 |
| 15-04-2024 14:06 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00122/2024 |
| 15-04-2024 20:21 | MODELO 111 1ºT/2024 | 00123/2024 |
| 15-04-2024 20:23 | CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS 18-04-2024 (01/2024) | 00124/2024 |
| 16-04-2024 14:53 | REDE CULTURAL 2024 | 00125/2024 |
| 17-04-2024 14:32 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18-04-2024 (15/2024) | 00126/2024 |
| 19-04-2024 14:02 | CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 24-04-2024 (05/2024) | 00127/2024 |
| 19-04-2024 15:20 | EXPEDIENTE BAIXA DE OFICIO POR INSCRICIÓN INDEBIDA -PMH- | 00128/2024 |
| 22-04-2024 12:03 | ACTIVACIÓN CONTRATO FIXO DESCONTINUO TECNICO TURISMO | 00129/2024 |
| 23-04-2024 14:51 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 24-04-2024 (16/2024) | 00130/2024 |
| 23-04-2024 14:51 | ADMISIÓN DEF CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL PEL | 00131/2024 |
| 23-04-2024 14:52 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00132/2024 |
| 23-04-2024 14:55 | ACTUALIZACIÓN LISTA DE AGARDA SERVIZO DE PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE | 00133/2024 |
| 24-04-2024 11:25 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00134/2024 |
| 24-04-2024 14:45 | MODIFICACIÓN ACORDO SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2024 | 00135/2024 |
| 25-04-2024 14:47 | RELACIÓN FACTURAS 023DRRSE/2024 | 00136/2024 |
| 25-04-2024 14:47 | RELACIÓN FACTURAS 025DOK/2024 | 00137/2024 |
| 26-04-2024 10:56 | Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN MATERIAL PACTO ESTADO | 00138/2024 |
| 29-04-2024 13:03 | BAIXAS E ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DE DEPENDENCIA ABRIL 2024 | 00139/2024 |
| 29-04-2024 14:33 | NÓMINAS 04/2024 | 00140/2024 |
| 29-04-2024 14:34 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00141/2024 |
| 29-04-2024 18:38 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00142/2024 |
| 30-04-2024 12:50 | APROBACIÓN DESFRUTE PERIODO VACACIONAL PEON RSU | 00143/2024 |
| 30-04-2024 12:54 | ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 04/2023 | 00144/2024 |
| 30-04-2024 12:52 | RESOLUCIÓN CONCESIÓN VACACIÓNS 2024 PERSOAL SAF | 00145/2024 |
| 02-05-2024 13:22 | ACEPTACIÓN SUBVENCION E PRESENTACION OFERTA EMPREGO APROL | 00146/2024 |
| 02-05-2024 19:24 | RENOVACIÓN INSCRICIÓNS PADROAIS ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS | 00147/2024 |
| 06-05-2024 14:27 | CONTRATACIÓN PERSOAL PEL 2024 (ALBANEL E PEÓN) | 00148/2024 |
| 07-05-2024 14:39 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 08-05-2024 (17/2024) | 00149/2024 |
| 08-05-2024 13:15 | ARQUIVO EXP 2022/U027/2 LICENCIA OBRAS INICIO ACTIVIDADE | 00150/2024 |
| 08-05-2024 14:09 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00151/2024 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| 09-05-2024 13:43 | Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN ROUPA DE TRABALLO PERSOAL -SAF- | 00152/2024 |
| 10-05-2024 11:57 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00153/2024 |
| 10-05-2024 13:25 | CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 15-05-2024 (06/2024) | 00154/2024 |
| 14-05-2024 13:25 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15-05-2024 (18/2024) | 00155/2024 |
| 15-05-2024 10:01 | ACUERDO DE COLABORACIÓN AEAT-CONCELLO DE MONFERO | 00156/2024 |
| 15-05-2024 14:15 | ASISTENCIA TRIBUNAL SELECCIÓN PEL 2024 | 00157/2024 |
| 15-05-2024 14:59 | CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES | 00158/2024 |
| 20-05-2024 14:20 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00159/2024 |
| 20-05-2024 14:27 | EXPEDIENTE M.C 5/2024 G.C | 00160/2024 |
| 20-05-2024 14:45 | ADMISIÓN CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL SELECCIÓN PEON APROL | 00161/2024 |
| 20-05-2024 18:56 | RELACIÓN FACTURAS 029DOISUFE/2024 | 00162/2024 |
| 21-05-2024 12:16 | ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE | 00163/2024 |
| 21-05-2024 12:17 | ACTUALIZACION LISTA AGARDA SERVIZ AXUDA NO FOGAR, LIBRE CONCORRENCIA. MAIO 2024 | 00164/2024 |
| 21-05-2024 12:39 | ACEPTACIÓN PROPOSTA SUBVENCIÓN FONDOS RESILENCIA...R, INFRAESTRUTURAS (Casa Canedo) | 00165/2024 |
| 21-05-2024 14:43 | Contratación de Servicios.- CONTROL DE CALIDADE EXTERNO OBRAS 2024 | 00166/2024 |
| 21-05-2024 14:44 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 22-05-2024 (19/2024) | 00167/2024 |
| 21-05-2024 14:44 | EXPDETE M.C 4/2024 I.R SUPERAVIT | 00168/2024 |
| 23-05-2024 13:36 | SOLICITUDE BAIXA NO PADRÓN MUNICIPAL | 00169/2024 |
| 24-05-2024 12:07 | MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN 01/2024 | 00170/2024 |
| 27-05-2024 13:49 | BAIXA NO PADRÓN MUNICIPAL | 00171/2024 |
| 27-05-2024 15:04 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00172/2024 |
| 28-05-2024 12:08 | CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 29-05-2024 (20/2024) | 00173/2024 |
| 30-05-2024 12:19 | CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES | 00174/2024 |
| 30-05-2024 19:23 | NÓMINA 05/2024 | 00175/2024 |
| 31-05-2024 11:33 | ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS | 00176/2024 |
| 31-05-2024 13:41 | CONTRATACIÓN PEÓN APROL 2024 | 00177/2024 |

## 14.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde manifesta que non se produciron asuntos urxentes.

Intervén entón a Sra. Voceira do PP, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, e di que eles queren meter unha moción en asuntos urxentes, que queren intervir en asuntos urxentes. Continúa, dicindo que queren meter en asuntos urxentes unha moción que foi presentada no Rexistro do Concello e non se trouxo ao Pleno e queren que se vote a emerxencia. O Sr. Alcalde contéstalle que non se trouxo porque chegou tarde e vai necesitar uns informes, que vai pedir a Deputación, porque hai a dúbida de se se ten que facer nun pleno ordinario ou nun pleno extraordinario, que no seu día se aprobou nun pleno extraordinario, e que unha vez que lle remitan os informes irá ao pleno extraordinario. A Sra. Concelleira insiste en que eles queren metela por urxencia, en asuntos urxentes, e o Sr. Alcalde contéstalle que eles entenden que non é unha cousa urxente. Ela contéstalle que eles

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

entenden que si que é unha cousa urxente porque necesitan, hoxe en día, que se fala tanto da conciliación, que cre que debe de haber unha conciliación entre a labor política e a labor laboral e á parte, para ter unha máxima transparencia, que cren que é algo urxente que o hai que facer e queren que se vote a urxencia, que cre que deben de votar a urxencia. O Sr. Alcalde di que eles non van a estar de acordo porque entenden que non é urxente, que se pode cambiar noutro pleno ordinario, que necesita eses informes, e pregúntalle ao Sr. Secretario cal é a medida a tomar. Intervén entón a Sra. Concelleira e di que non hai que pedir ningún informe, que iso se pode facer nun pleno ordinario. O Sr. Alcalde contéstalle que iso o di ela pero que el vai solicitar os informes a ver se ten que ir a pleno extraordinario ou non, que el é partidario de deixalo encima da mesa porque necesita asesoramento sobre iso e non é unha cousa urxente. A Sra. Concelleira insiste en que eles queren que se vote a urxencia. Cando remata a Sra. Concelleira, o Sr. Secretario informa que el entende que se se formula un asunto de urxencia hai que votar sobre a urxencia e que a declaración de urxencia ten que aprobarse por maioría absoluta, pero se non hai informes o asunto está incompleto e pódese tomar un acordo que non sexa o correcto. O Sr. Alcalde indica que sería un acordo que pode ser nulo e pregúntalle entón ao Sr. Concelleiro do BNG cal é a súa postura, engadindo que el propón esperar a un pleno extraordinario para levalo. O Sr. Concelleiro do BNG di que el cre que non debería de facer falta levalo a un pleno extraordinario, que é unha cuestión bastante simple, que lexislativamente el non sabe como vai a cousa, se se pode aprobar sen eses informes ou non, pero que por el apróbase. O Sr. Alcalde insiste en que el quería ter eses informes antes. A Sra. Concelleira do PP tamén insiste en que non fai falta, que se pode levar perfectamente a un pleno ordinario. Informa o Sr. Secretario que non é un tema de maioría absoluta e que entón pode ir sen informes, pero que se o Alcalde quere eses informes... Aínda sen rematar, o Sr. Alcalde pregúntalle se non é un tema de maioría absoluta e o Sr. Secretario aclara que a declaración de urxencia si require a maioría absoluta pero... Pregúntalle agora o Sr. Alcalde se é legal ou non, se el necesita informes, tomar o acordo. O Sr. Secretario contéstalle que tería que informarse el tamén, que non o pode informar así, con tanta rapidez. A Sra. Concelleira do PP pregunta agora acerca de que son eses informes, que eles o que queren, o que están pedindo na moción, é que se cambie o horario do pleno, que está marcado nun horario que consideran que non é favorable para conciliar a labor política e a labor laboral e que simplemente é iso e á parte, que queren facer un pleno todos os meses para que haxa a máxima transparencia. O Sr. Alcalde contéstalle que aí hai de todo, que hai para todos os intereses e que falan dun pleno ao mes, pero que non hai asuntos para levar todos os meses a un pleno. A Sra. Concelleira contéstalle que que os haxa ou non xa verá cando se vaia desenvolvendo. O Sr. Alcalde continúa e di que ao non ser que os queiran cambiar para cobrar as asignacións dos oitenta euros, que convocar plenos sen haber temas a tratar... Contéstalle a Sra. Concelleira que eles non queren cobrar as asignacións, que se teñen que renunciar a elas tamén renuncian, e que o que queren agora é que se vote a urxencia porque consideran que ten que haber unha conciliación tanto para a labor política como para a labor laboral, que non ven que haxa ningún tipo de axuda á conciliación en poñer un pleno a unha e media da tarde, que queren que haxa unha máxima transparencia neste goberno e que cre que non fai falta ningún tipo de informe para levar a cabo isto.

Deseguido, o Sr. Alcalde anuncia que vai someter a declaración de urxencia a votación. Vótase. O resultado é de 5 votos a favor da urxencia (PP e BNG), 4 votos en contra (PSOE) e ningunha abstención. Xa que logo o Sr. Alcalde declara que queda aprobada a urxencia da moción por maioría absoluta e que se procede a tratala.

A continuación, a Sra. Concelleira reparte unha copia da moción para cada un dos asistentes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular á que se refire este punto da orde do día, transcríbese textualmente a continuación:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE MONFERO

O Grupo Municipal Popular no concello de Monfero de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Popular queremos que os plenos municipais sexan máis accesibles, transparentes e participativos para todos os veciños e veciñas.

Que os plenos municipais sexan celebrados ás 13.30 horas, dificulta a participación da veciñanza. Non queremos que o Concello de Monfero sexa un lugar pechado e oscuro, sinon un espazo aberto donde se poida escoitar a voz de todos.

Ademais e importante facilitar a conciliación da vida laboral e o dereito á participación política.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Monfero, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Cambiar o horario dos plenos municipais, quedando fixados ás 19:00 horas dos venres (3º venres de mes como está fixado), así como a súa frecuencia pasando a celebrarse un mensualmente para unha maior transparencia.

-Que esto se faga efectivo desde o momento que sexa aprobado.

En Monfero, a 17 de Xuño de 2024.

MARÍA BELÉN SALIDO MAROÑO
PORTAVOZ PARTIDO POPULAR MONFERO"

O Sr. Alcalde manifesta que o que se fala na moción é cambiar os plenos, que no sitio de ser a tres meses, poñelos a un mes, e no sitio de ser ás 13:30, como era agora, poñelos ás 19:00 horas.

A Voceira do PP apunta que é unha moción moi sinxela de entender, que simplemente piden que se cambien os plenos para esa hora e que se faga un pleno ao mes, que cre que están no seu dereito de pedir iso.

Deseguido pide a palabra para intervir o Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, e manifesta, con respecto ao que din na moción de que é para facilitar a conciliación da vida laboral, que iso é moi relativo, que depende de cada un, que a el, por exemplo, non lle facilita a conciliación da vida laboral o horario que propoñen, que o respecta pero.... A Sra. Concelleira do PP respóndelle que resulta que no seu grupo todos teñen un traballo no que, a unha e media da tarde, lles vai mal, e que entón queren propoñelo así. D. Alberto Cortizas contéstalle que de acordo, que exactamente, que respecta a súa posición, pero que non está de acordo en que sexa para facilitar a conciliación da actividade laboral, neste caso de todos. A Sra. Concelleira replícalle que da maioría si. D. Alberto Cortizas contéstalle que xa se verá e que tamén propoñía que no sitio de ser

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

unha vez ao mes fora cada dous meses, que unha vez ao mes parécelle excesivo para un Concello como Monfero, que cada dous meses é a súa proposta, a proposta do grupo socialista. D.ª M.ª Belén Salido manifesta que non, que eles non van a ceder, que queren que se faga un pleno todos os meses e que haxa a máxima transparencia neste goberno.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Grupo Municipal Popular sobre o cambio de horario e a frecuencia das sesións plenarias, é aprobada polo Pleno da Corporación con 5 votos a favor (PP e BNG), 4 votos en contra (PSOE) e ningunha abstención. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

Apunta agora o Sr. Alcalde que no mes de agosto non se facía pleno e que non falaron nada do mes de agosto. A Sra. Concelleira do PP manifesta que por eles o mes de agosto queda como estaba ata agora, que non sabe se o BNG está de acordo. O Sr. Concelleiro do BNG di que por el tamén.

O Sr. Alcalde somete a votación a modificación do último acordo adoptado, no sentido de que non haxa pleno no mes de agosto, resultando aprobado por unanimidade e o Sr. Alcalde así o declara.

**15.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Alcalde pregunta se hai algún rodo ou pregunta

Intervén a Voceira do Grupo Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, quen manifesta que o primeiro rogo que quere facer no nome do Grupo Popular é que, hai unha ponte que está na parroquia de Val de Xestoso, abaixo do Canedo, que nesa ponte foise como un talud de terra, que afectou ao que é a beira da estrada, que aquelo non se sinalizou, non se puxo nada, e consideran que é un perigo para todos os que circulan por esa vía, e que o que piden é que se poña sinalización para que non ocorra ningunha desgracia alí, que ninguén caia para a parte de abaixo, e que se repare o antes posible. Neste momento, o Sr. Alcalde e D. José Grueiro Torrado aclaran que aquelo é Porto Canedo. Conclúe a Sra. Concelleira que o que queren é, primeiro que se finalice, se pode ser hoxe mellor, porque como xa di leva meses así e aquelo é un perigo e pode haber calquera cousa alí, e despois que se fagan unhas actuacións alí, que primeiro haberá que facer un estudio e despois ver, que poder ser que estea danado o firme da estrada. O Sr. Alcalde contéstalle que enviarán alí ao Arquitecto que faga un estudio.

Continúa, dicindo que, tamén na parroquia de Val de Xestoso, os veciños trasládanlles varias queixas acerca da sinal de televisión, da cobertura dos móbiles e de internet. O Sr. Alcalde pregúntalle en que zona. A Sra. Concelleira respóndelle que nun 90 por cento da parroquia hai queixas acerca deste tema. Que o seu grupo presentou unha moción no pleno, hai uns meses, que foi aprobada por unanimidade, e queren saber se realmente o goberno está traballando para levar a cabo as actuacións que haxa que facer, tanto de cobertura como de outra cousa, para mellorar todo iso. O Sr. Alcalde contéstalle que están no tema. A Sra. Concelleira aclara que eles están preguntando porque a xente estase queixando moito acerca deste tema e que sería bon que desde o goberno se tratara de mirar de amañalo xa, de facer algo ao respecto.

Agora di a Sra. Concelleira que o seu grupo tamén quere preguntar porque a fin de semana pasada o Concello puxo un bus para os nenos de sexto de primaria para que foran a, íanse de excursión a Madrid, para trasladalos ao aeroporto á Coruña, que isto foi o venres, e que o sábado saían os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nenos da ESO para Madrid, desde o aeroporto de Santiago, e que houbo familias que se puxeron en contacto con eles (Grupo Popular) para preguntarlles porque a sexto de primaria se lle puxo un autobús para ir ao aeroporto e os nenos que ían para Tenerife da ESO non se lles puxo ningún autobús para ir ao aeroporto a Santiago. Que as familias lles trasladan esa pregunta e eles vense na obriga de facela no pleno porque evidentemente xa lles dixeron que non son os que gobernan. O Sr. Alcalde contéstalle que non o pediron, que se lle puxo a quen o pediu. Replícalle a Sra. Concelleira que aquí entón ten que mobilizarse a xente e ten que vir ao Concello a pedir as cousas... que non lle parece de recibo, que será trasladado ás familias que lles fixeron a pregunta. Que ven que lles gusta fomentar a desigualdade basicamente, que o tema da igualdade non vai con eles porque senón tamén o podían preguntar no colexio e xa lles dicían que ao día seguinte se ían os nenos de excursión tamén a Tenerife, pero como non se preocupan de nada despois aparecen estas cousas, e que o único que fan é buscar unha desigualdade entre uns veciños e outros, polo que ven.

Despois di que a recollida dos plásticos é algo que se están preguntando moitísimos gandeiros que levan meses chamando ao Concello, que debe de ter moitas chamadas deles, preguntando cando vai haber unha recollida. Que levan máis dun ano e medio sen recoller os plásticos, e os gandeiros lles trasladan que teñen medo de que veña unha inspección a calquera granxa e lles metan unha sanción. Pregunta que vai suceder se un gandeiro é sancionado por non ter o Concello recollidos os plásticos. O Sr. Alcalde contéstalle que se o mira desde ese punto de vista o gandeiro tamén é o que ten que desfacerse deles. A Sra. Concelleira replícalle que é un servizo municipal que está realizando o Concello e leva un ano e medio sen realizar. Que a xente lles traslada as súas preocupacións e entón teñen que preguntar por que a día de hoxe aínda non se fixo esa recollida. O Sr. Alcalde contéstalle que se vai empezar a recoller a finais deste mes ou principios do que ven con dous camións. A Sra. Concelleira replícalle que iso llo leva dicindo desde hai seis meses e aínda non o fixeron e eles (Grupo Popular) teñen que preguntar e trasladarlle a resposta á xente que lles pregunta. Engade o Sr. Alcalde que se van levar, posiblemente, xa directamente á planta. A Sra. Concelleira expresa que iso parécelles ben.

Pregunta a continuación como se atopa o plan urbanístico a día de hoxe e se o goberno está a traballar para que saia adiante nesta lexislatura.

Acto seguido di que as familias lles preguntan todos os días cando se van a pagar as axudas escolares, que hoxe, día 21 de xuño, remata o colexio, o curso escolar, e as familias aínda non cobraron as axudas escolares, cunha convocatoria que se iniciaba no mes de decembro e estamos en xuño e as familias pregúntanlles cando van a cobrar e que eles (Grupo Popular) a única resposta que lles poden dar é que non o saben porque non están a gobernar. O Sr. Alcalde contéstalle que non sabe se acabaron de xustificar todos porque para cobrar hai que xustificar os gastos. A Sra. Concelleira pregunta se entón é que leva tres meses xustificar todo, porque en este Concello parece que... que van sete meses para conceder unhas axudas, que é incrible o que pasa neste Concello, que é normal que a xente se desespere. Que estas axudas xa tiñan que saír no mes de setembro e agora mesmo xa se debería de estar traballando para convocar as do curso que ven, que se inicia en setembro, e aínda non se pagaron as deste curso, e dicir, este Concello así non vai ben. O Sr. Alcalde aclárallle que as axudas do Concello non van por cursos que van por anos. A Sra. Concelleira contéstalle que en todos os concellos se quitan unhas axudas, se son axudas escolares, que van para o comezo do cole, non para cando acaba, para que as desfruten nas vacacións. O Sr. Alcalde reitéralle que as axudas do Concello non van por cursos, que van por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

anos. A Sra. Concelleira dille que lle dea as voltas que queira, pero que as axudas escolares teñen que saír en setembro e cobrarse en setembro, non en xuño, cando remata o colexio, e que iso é o que o seu grupo lle quere trasladar ao grupo de goberno.

Manifesta agora que non sabe se saben (o goberno), porque igual tamén din que non saben nada, que pechou a base contra incendios de Queixeiro, que as cuadrillas xa non están en Queixeiro na base. O Sr. Alcalde contéstalle que a el non lle comunicou nada a Consellería e que entón non o pode saber. Sinala a Sra. Concelleira que a triste realidade do que está pasando no Concello é que se non comunican nada tampouco se mira de preguntar e de informarse e que a súa pregunta é se non sabían nada, se ningún traballador lles dixo nada, nin lles comentou nada. O Sr. Alcalde contéstalle que é a primeira noticia que ten, que a Consellería de Medio Rural non informou ao Concello, como fai noutras cousas. A Sra. Concelleira pídelle que a perdoe, pero que o que se debería de mover é o Concello e falar coa Consellería de Medio Rural e dicirlles que non teñen por que levar as cuadrillas de Monfero porque desde o Concello se vai prestar unha escola municipal, que hai varias, pechadas, que non teñen uso, para que poñan alí a base, e que iso non se fixo, que non lle bote a culpa á Consellería. O Sr. Alcalde repite que é a primeira noticia que ten de que a pecharon e a Sra. Concelleira contéstalle que a ela, sinceramente, lle estraña e que, seguramente, aos seus compañeiros tamén porque se hai traballadores de Monfero que se puxeron en contactos con eles (Grupo Popular) para pedirlles axuda, estráñalle moito, moito que non se puxeran en contacto co grupo municipal, que lles parece sorprendente. Manifesta o Sr. Alcalde que ao mellor cando a fixeron a fixeron ilegal e ao mellor agora non lles reúne os requisitos, que no Concello non entrou nada de nada en Rexistro, que foi unha falta de cortesía da Xunta de Galicia con este Concello, que non informou ao Concello. A Sra. Concelleira replícalle que non, que non é a Xunta de Galicia, que quen se ten que mover é o Goberno municipal, que non é así, que está equivocado, que é o Goberno municipal quen ten que interesarse polos problemas que existen en Monfero, e se hai un problema de que van a sacar de aquí ás cuadrillas contra incendios, o que ten que facer é moverse e pedir que, por favor, non as leven, que se ceden unhas dependencias municipais, que é así de simple. O Sr. Alcalde replícalle que iso el non o sabía, que a el non llo notificaron.

Fala agora da Escola do Xestal, di que ten unha situación gravísima a dia de hoxe, que aquelo é unha ruína e que tamén os veciños lles din que a ver cando se vai realizar alí algún tipo de obra para mellorala antes de que haxa unha desgracia. O Sr. Alcalde contéstalle que iso está previsto con cargo ao Plan Único. Replícalle a Sra. Concelleira que segundo ven aquí todo está previsto, todo vai ser para o mes, para a semana que ven, pero ao final a realidade é outra, non se está levando nada a cabo e que lanzan esa pregunta a ver se o goberno municipal fai algo antes de que haxa alí unha desgracia e haxa que lamentar males maiores. Contrareplícalle o Sr. Alcalde que a Escola xa estaba así cando gobernaron os que agora están na oposición que non é de agora.

Pregunta seguidamente como se está a levar a cabo o desbroce, que ven que hai vías municipais de dificultosa visibilidade para circular por elas. O Sr. Alcalde contéstalle que está desbrozado Taboada agora mesmo porque o desbroce faise todo o ano, faltan dous días de Queixeiro, un tractor, e o outro está no Val de Xestoso. Pregunta agora a Sra. Concelleira se hai algún tipo de planificación no desbroce e que se a hai gustaríalles que se lles dera unha copia para levar un control. O Sr. Alcalde contéstalle que os plans son os de sempre, comezan por un lado, salvo casos que vaian saíndo urxentemente, e continúan, e que o que non poden é estar en todos os sitios ao mesmo tempo, que ás veces hai algúns que teñen máis transito que outros, que no inverno estiveron desbrozando os dos montes e que pode (a Concelleira), como facía el cando estaba na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

oposición, percorrer por aí as parroquias e máis falar cos veciños. Repite que empezan en Taboada e van vindo, que iso funciona así. Dille a Sra. Concelleira que non se preocupe que eles percorren e falan cos veciños tamén, que esa labor a saben facer.

A continuación indica que tamén queren saber que se fixo ou como se atopa a sanción do punto limpo. O Sr. Alcalde contéstalle que de momento está parado, que non houbo contestación aínda.

Deseguido manifesta a Sra. Concelleira que outra cousa tamén importante é a pista polideportiva de Queixeiro, que está nun estado calamitoso, e pregunta se teñen pensado facerlle algo e, se o teñen pensado, que é o que lle van a facer. O Sr. Alcalde respóndelle que hai que lavala pero que non foron alí pola mañá porque están os nenos e lles pediu que a ver se non facían ruído e que para iso hai que ir coa máquina. A Sra. Concelleira dille que non fai falta vir aquí a contar escusas que a realidade vese e non fai falta que veña ninguén aquí a enganar a ninguén porque ninguén... que tontos son pero do escote saben apartar.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás doce horas e trinta e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde | O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0nntrfF3cOAJE7jumC99
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.